



NOTAS DE IDENTIDADE

- 1. Confesionalidade.** Centro Público que se manifesta respectuoso cara a todas as crenzas relixiosas dos membros da Comunidade Educativa, ou á ausencia das mesmas, cumprindo todo o disposto respecto diso na lexislación vixente.
- 2. Respecto da pluralidade lingüística e cultural.**
- 3. Coeducación,** facilitando a convivencia e o coñecemento entre o alumnado e desbotando actitudes **sexistas**
- 4. Atención e respecto á diversidade** do alumnado, tratando de adecuar os procesos de ensino-aprendizaxe ás necesidades individuais.
- 5. Educación baseada nos principios da paz, a cooperación e a solidariedade.**
- 6. Creación de actitudes positivas de convivencia e respecto aos demais,** prestando especial atención á mellora do medio ambiente natural e social no Centro e fóra del.
- 7. Ensino activo e participativo** (fomentando a cooperación e colaboración de todo o alumnado), que conduza ao alumno/á unha auténtica **aprendizaxe significativa**, entendendo como tal que toda a actividade parte do coñecemento previo do alumno/a para chegar, a través da investigación, a novos coñecementos que lle axuden a desenvolverse no medio.
- 8. A actuación educativa fomentará a reflexión, o sentido crítico, o interese polo saber, esforzo persoal, capacidade creativa, hábitos** (conduta, traballo, hixiene...), **valores e normas.**
- 9. Traballo en equipo do profesorado,** procurando que todas as actividades estean coordinadas. Manterase unha **actitude aberta a innovacións.**
- 10. Formación permanente** do Profesorado.
- 11. Apertura da centro á contorna** O Centro potenciará procesos de participación e colaboración dos diversos membros da Comunidade Educativa e Institucións da contorna.
- 12. Goberno e a xestión do Centro transparentes e abertos á participación.**
- 13. Incorporación das novas tecnoloxías aos procesos de ensino e aprendizaxe.**